Documento 2 de 7.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE MIÑONES CONDE JOSE MANUEL - NIF 44808588B, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.026.385.205, Fecha de emisión de la firma: 24/11/15 11:48
Código de integridad (alg. SHA-256): a1567140b91f426a5dd92f4a0f16639c2b75911593d495aa72f498fac16af3
Página 1 de un total de 1 página(s), Versión imprimible con información de firma.

Documento 1 de 1.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE PRADA QUEIPO ROSA ANA - NIF 10869361K, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.026.193.847, Fecha de emisión de la firma: 23/11/15 14:34
Código de integridad (alg. SHA-256): 91bef336c0a652f4aeab8e8c1173f3f704227f38560102af8157944c733eb626c
Página 1 de un total de 1 página(s), Versión imprimible con información de firma.

C.I.F.: P – 1500200 – I

Concello de AMES

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 12 de novembro de 2015, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"PUNTO TERCEIRO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO NO CONCELLO DE AMES.-

O alcalde informa que a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 17 de agosto de 2015, realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación do procedemento de licitación **do Servizo de Transporte Adaptado no Concello de Ames.**

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCS), resulta procedente adxudicar o servizo.

Visto o que antecede, e a fiscalización de conformidade da Intervención Municipal (informe 275/2015), a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 926/2015), adopta os seguintes acordos**:**

Primeiro.- Adxudicar a realización do **servizo de Transporte Adaptado** á empresa **Vehículos Costa, SL** con CIF B-15645740 e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de douscentos trece mil euros (213.000 €) sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 10 % ascende a contía de vinte e un mil trescentos euros (21.300 €).

C.- Duración do contrato: a duración inicial do contrato será de tres anos (3 anos) contados a partir do día seguinte ó da súa formalización. Os tres anos iniciais serán prorrogables expresamente, por mutuo acordo das partes, por un ano máis ata un máximo de catro anos (incluído período inicial e prórrogas).

D.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Facultar ao señor alcalde para cantas actuacións de trámite sexan precisas en orde a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a vinte e tres de novembro de 2015, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925